



## PETICIÓN PÚBLICA PARA RETIRAR O WIFI DAS ESCOLAS DURANTE O CURSO 2011/2012

Os colectivos sociais asinantes desta petición esiximos aos nosos representantes políticos que se retire a tecnoloxía Wi-Fi das escolas durante o curso 2011-2012, dado que existen outras alternativas de acceso a internet que si son seguras para a saúde, e que se cre unha lexislación que elimine nos centros educativos todo tipo de radiacións electromagnéticas que afecten negativamente a nenos, adolescentes e resto de persoas.

### As razóns desta petición son as seguintes:

- A Organización Mundial da Saúde (OMS), a través da Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC), clasificou o 31 de maio de 2011 as radiacións electromagnéticas de radiofrecuencia como "posible canceríxeno en humanos (grupo 2\*B)". Estas radiacións electromagnéticas son as que emiten dispositivos talles como o Wi-Fi, os teléfonos sen fíos, os teléfonos móbiles ou as antenas de telefonía móbil.
- A Asemblea do Consello de Europa aprobou o 27 de maio de 2011 unha resolución instando aos gobernos europeos a adoptar de inmediato as medidas necesarias e oportunas para reducir a exposición dos cidadáns a todo tipo de radiacións electromagnéticas.
- O Parlamento Europeo, nas súas resolucións de 4 de setembro de 2008 e de 2 de abril de 2009, sinala a necesidade de protexer especialmente aos nenos de calquera exposición innecesaria ás radiofrecuencias "considerando que a tecnoloxía dos dispositivos sen fíos (teléfono móbil, Wi-Fi, wimax, bluetooth, teléfono de base fixa DECT) emite radiacións electromagnéticas que poden producir efectos adversos para a saúde humana".
- A Axencia Europea de Medio Ambiente (EEA) confirmou que "as radiacións de microondas poden provocar enfermidades talles como leucemia infantil, tumores cerebrais, cancro de mama, alteracións no sistema nervioso, cambios nas funcións cerebrais e danos no sistema inmunitario".
- Centos de científicos de universidades de todo o mundo, entre os que se atopan o Dr. Robert O. Becker, nomeado dúas veces para o premio Nobel, o profesor Dennis Henshaw, profesor de efectos da radiación en humanos na Universidade de Bristol, o Dr. Olle Johansson, do Departamento de Neurociencias do Instituto Karolinska de Estocolmo, a Dra. Magda Havas, do Departamento de Estudos Ambientais da Universidade de Trent, Canadá, e Ian Gibson, ex decano da Facultade de Ciencias Biolóxicas da Universidade de East Anglia, confirman que os efectos do Wi-Fi poden dar lugar a dificultades de atención, hiperactividade, problemas de aprendizaxe, ansiedade, depresión, leucemia ou tumores cerebrais, entre outros efectos. Como resultado destes estudos científicos independentes, o Wi-Fi está sendo retirado de escolas, hospitais, bibliotecas e outras institucións públicas en países como Inglaterra, Francia, Alemaña, Canadá, Austria ou Suíza.



• A lei actual que regula as emisións dos campos electromagnéticos en España sitúa os límites máximos permitidos en 1.000 microwatios/cm<sup>2</sup>, un nivel que supera en varios centos de miles de veces os niveis recomendados por investigadores independentes. Os científicos que elaboraron o Informe BioInitiative, un dos informes que recolle mais literatura científica independente sobre os efectos dos campos electromagnéticos nos seres vivos, coincidían cos límites propostos na Resolución de Londres na que se recomendaban límites máximo de exposición de 0,1 microW/cm<sup>2</sup> para exteriores e 0,01 para interiores, e aconsellaban baixar devanditos niveis ata os 0,001 microwatios/cm<sup>2</sup> en exteriores e os 0,0001 en interiores para a correcta protección da poboación máis vulnerable (electrosensibles, mulleres embarazadas, nenos, anciáns e enfermos). A razón pola que esta regulación é obviamente obsoleta e non protexe á poboación das radiacións electromagnéticas é porque dita regulación baséase nunha recomendación do ICNIRP (Comisión Internacional para a protección das radiacións non ionizantes) do ano 1999 que se deseñou para a protección puntual de certos individuos expostos puntualmente a estas radiacións. As diferenzas que non se contemplan na actual lei son 3 fundamentais:

- Non se contemplan exposicións de máis de seis minutos.
- Non se contempla exposicións sobre poboación mais vulnerable (nenos, mulleres, anciáns e enfermos).
- Non se contemplan os efectos non-térmicos de devanditas exposicións.

(A recomendación do ICNIRP só contemplaba efectos térmicos en homes expostos a un tempo máximos de 6 minutos)

Os nenos son máis vulnerables a este tipo de tóxico de carácter físico dado que o seu cerebro está en formación e os seus sistemas aínda non se desenvolveron. Segundo a Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno de 1989, os nenos e nenas teñen dereito a vivir con saúde e benestar, dereito a ter unha protección especial para poder desenvolverse, e dereito a ser os primeiros en recibir protección e auxilio.

### **Existen solucións**

Tódolos síntomas e patoloxías derivados da utilización da tecnoloxía Wi-Fi pódense evitar de forma moi sinxela, posto que existen alternativas para conectarse a internet que non producen radiacións, que non supón ningunha ameaza para a saúde, e que ademais ofrecen unha conectividade moito máis rápida, segura e eficaz. A solución mais sinxela: instalar internet a través de cableado estruturado.

O Wi-Fi nas escolas non é máis que unha parte do gran problema que supón hoxe en día a contaminación electromagnética procedente de fontes como antenas de telefonía, móbiles, teléfonos sen fíos, radares, transformadores urbanos e liñas de alta tensión. Estas fontes tamén poden atoparse nas proximidades dos colexios, pero calquera cidadán en calquera lugar pode verse exposto a este tipo de riscos para a saúde. De feito, hoxe en día hai instalacións Wi-Fi en hospitais, bibliotecas, tendas,



autobuses, metro, quioscos de prensa, rúas e prazas, etc., producindo un efecto similar ao que se deu co fumador pasivo no caso do tabaco.

Por todo o anterior, as asociacións de pais de alumnos, asociacións de veciños, fundacións e resto de colectivos asinantes deste manifesto esiximos aos representantes políticos que se retire a tecnoloxía Wi-Fi nas escolas durante o curso 2011-2012 e que se manifesten inequivocamente sobre este punto na campaña electoral.



Para asinar faga clic:

<http://actuable.es/peticiones/peticinn-publica-retirar-wifi-las-escuelas-durante-el>